



# EDUCACION PLÁSTICA

**HORARIO:** Os venres de 13:05 a 14:00

## 1.-CONTIDOS :TEMAS

### 1.1 Primeira avaliación :

Segunda quincena de setembro. Meses de outubro e novembro  
Primeira quincena de decembro (11 sesións)

### CONTIDOS TEMPORALIZADOS

- 1.- **Figura humana.** O tronco e as extremidades: formas posturais.
- 2.- **Animais.** Vertebrados: anfibios. Invertebrados: crustáceos. Fondo mariño. Uso da trama e do coloreado como caracterizadores das cubertas animais.
- 3.- **Plantas e Obxectos.** Composición floral. Reprodución de esquemas básicos de flores e correcto coloreado. Completado e coloreado de distintos modelos de copas arbóreas. Identificación das cores definidoras de froitas e hortalizas.
- Construción dun obxecto tridimensional. Uso da liña no seu dobre aspecto de continente e contido (contorno e superficie). Identificación de formas básicas e xeométricas como compoñentes esenciais dos diversos obxectos suxeridos.
- 4.- **Paisaxe.** Paisaxe en perspectiva, de campo, de nadal.

### MÍNIMOS ESIXIBLES

- Recortar e colocar correctamente as pezas nos correspondentes ocos baleiros.
- Aplicar diferentes técnicas pictóricas: puntos, raias, manchas.
- Aplicar e colorear un obxecto sinxelo composto de, polo menos, tres formas xeométricas básicas.
- Crear, polo menos, un elemento fantástico no ámbito dun conto. Caracterizar unha escena con algún trazo distorsionador da realidade.
- Interiorizar e verbalizar os seguintes conceptos: preto, lonxe, perspectiva.

### 1.2 Segunda avaliación

### CONTIDOS TEMPORALIZADOS

Tres últimas semanas de xaneiro Meses de febreiro e marzo (11 sesións)

- **A figura humana.** Cabeza de fronte e de perfil. Observación de proporcións e trazos da cara. Experimentación con diferentes xestos: alegría, enfado, reflexión, tristeza.
- **Animais.** Uso de formas básicas para definir diferentes animais. Aves:

disposición e coloreado da súa plumaxe, logo dunha análise detallada. Coloreado dun león e dunha bolboreta con tramas. Animais acuáticos. Sombreado dun acuario.

- **Plantas.** Observación de froitos naturais de consumo frecuente. Recortado e pegado de pezas sobre un modelo froiteiro.
- **Obxectos.** Vehículo de transporte. Recortable. Decorado de obxectos coas tramas propostas. Invención de novas tramas e aplicación sobre novos modelos.
- **Paisaxe segundo as estacións do ano.** Aspectos visuais da caracterización temporal dunha paisaxe. Elección de tonalidades e adecuada aplicación sobre os elementos de cada paisaxe.
- **Creatividade.** Motivos decorativos. Deseño de fantasía para decorar. Diferentes clases de tramas. Creación de grecas con liñas diversas.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Situar os trazos da cara diferenciando se é de fronte ou de perfil.
- Debuxar dous xestos de sentimentos contrarios.
- Diferenciar zonas de tonalidades con técnica de raiado.
- Completar o debuxo de aves diferenciando unhas doutras.
- Colocar, nun recortable, cada peza no seu lugar.
- Colorear obxectos con tramas de cor claramente diferenciadas.
- Colorear unha paisaxe de modo que se poida recoñecer a estación do ano.
- Crear, polo menos, un elemento fantástico para decorar un obxecto.
- Diferenciar luces e sombras na técnica de debuxo a lapis.

### **1.2 Terceira avaliación:**

Tres últimas semanas de abril e mes de maio .Tres primeiras semanas de xuño. (11 sesións)

- **Plantas.** Visualización de imaxes, útiles do xardín. Coloreado de diversas composicións florais con ceras ou témperas.
- **Obxectos.** Globo aerostático. Discriminación de elementos pertencentes ao interior e ao exterior dunha vivenda. Colocación do mobiliario na dependencia adecuada, segundo os coñecementos previos. Construción dun obxecto tridimensional. Uso da liña no seu dobre aspecto de contorno e contido (contorno e superficie). Identificación de formas básicas e xeométricas como compoñentes de obxectos.
- **Paisaxe.** Interiorización e verbalización de conceptos: preto, lonxe, perspectiva. Experimentación con diversas técnicas -o punto, a liña, a mancha- no coloreado dunha mesma paisaxe.
- **Creatividade.** Invención dun vehículo enxeñoso baseado no texto escrito. Caracterización dun escenario fantástico. Ambientación do interior dunha corte animada con música: vacas bailando ao ritmo que cada cal imaxine, respectando os termos da noticia proporcionada.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Recortar e colocar correctamente as pezas nos correspondentes ocos baleiros.
- Aplicar diferentes técnicas pictóricas: puntos, raias, manchas.
- Aplicar e colorear un obxecto sinxelo composto de, polo menos, tres formas xeométricas básicas.
- Crear, polo menos, un elemento fantástico no ámbito dun conto. Caracterizar unha escena con algún trazo distorsionador da realidade.

## **AVALIACIÓN**

Contínua a traveso dos traballos realizados individualmente e en grupo.